XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 26 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante do Partido Popular, por unha posible infracción do artigo 93 da LOREX.

Antecedentes

1. Con data 21 de febreiro de 2024 a Xunta Electoral de Galicia recibiu da Xunta Electoral de Zona de A Coruña unha denuncia formulada polo representante do Partido Popular contra o Partido Socialista de Galicia PSdeG-PSOE (RE 550/2024), por unha posible infracción do artigo 93 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), derivada da existencia de propaganda do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE nas inmediacións do colexio electoral LABACA, de A Coruña.

2. Xunto co escrito de denuncia a Xunta Electoral de Zona de A Coruña remitiu tamén as alegacións que tiña efectuado o representante do Partido Socialista de Galicia PSdeG-PSOE, nas que constan, entre outras afirmacións, as seguintes:

> "...tratábase dun espazo de publicidade pechado e accesible so por parte da empresa que o colocou...Que se se tratase da retirada de algo que dependese da vontade do PSdeG teríamolo retirado de inmediato.... Que o PSdeG tentou por todos os medios dispoñibles tal eliminación e non foi posible...Que polo tanto non houbo vontade de vulneración do acordo de retirada senón imposibilidade material de efectualo..."

Fundamentos de dereito

Primeiro. O artigo 93 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), establece que *"Ni en los locales de las secciones ni en las inmediaciones de los mismos se podrá realizar propaganda electoral de ningún género. Tampoco podrán formarse grupos susceptibles de entorpecer, de cualquier manera que sea, el acceso a los locales, ni se admitirá la presencia en las proximidades de quien o quienes puedan dificultar o coaccionar el libre ejercicio del derecho de voto. El Presidente de la Mesa tomará a este respecto las medidas que estime convenientes."*

Segundo. Neste caso, trátase duns carteis que teñen un formato electrónico que non é posible retirar con tanta facilidade como expón o denunciante, e ademais non están na cercanía inmediata dun colexio electoral, polo que non teñen, a criterio desta xunta electoral, unha posible interpretación electoralista. Por iso, considérase que a entidade denunciada non incorreu no suposto de infracción electoral plantexado na denuncia.

En consecuencia,

Acorda

O arquivo da denuncia.

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 14:00 horas do próximo día 28 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal